


QUINTO EJERCICIO PRÁCTICO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO
ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO "C", SUBGRUPO C1,
DA SUBESCALA ADMINISTRATIVA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL
- QUENDA LIBRE -

02 de XULLO de 2021

Preguntas:

- 1) No escritorio do Windows 10 temos unha imaxe de fondo, pero, é unha imaxe ou unha presentación de imaxes? (0,25pto)
 - a) É unha imaxe
 - b) É unha presentación
 - c) A e B son correctas pois son o mesmo
 - d) A e B son falsas
- 2) Na barra de tarefas do Windows 10, temos un novo botón con forma de sol; nube; ...; que fai ese botón? (0,25pto)
 - a) Amosa as notificacións
 - b) Amosa novas e intereses
 - c) Amosa a WEB do tempo
 - d) Amosa o escritorio
- 3) Cal é a resolución do monitor que estamos a usar? (0,25pto)
 - a) HD
 - b) Full HD
 - c) Ultra HD
 - d) Ningunha é correcta
- 4) Cal das seguintes direccións WEB é a correcta para ver a páxina dos coches de luxo da marca Ferrari? (0,25pto)
 - a) www.ferrari.com
 - b) www.ferrari.es
 - c) www.ferrari.it
 - d) As tres amosan a mesma WEB
- 5) Microsoft ven de anunciar o Windows 11, pero, podo instalalo de maneira oficial no meu ordenador? (0,25pto)
 - a) NON, aínda non está dispoñible para o usuario final
 - b) Os que teñan o Windows 10 (orixinal) xa poden actualizalo á versión 11
 - c) Tódolos PCs que teñan Windows 10 (orixinal) poderán usar o Windows 11 de balde
 - d) B e C son correctas
- 6) Seguindo con Microsoft, cal das seguintes **NON** foi unha versión de Windows? (0,25pto)
 - a) NT
 - b) Me
 - c) Vista
 - d) As tres foron versións de Windows

- 7) Qué fai o botón  da barra de ferramentas estándar do LibreOffice Writer? (0,25pto)
- Insire un comentario
 - Debuxa a Forma básica que temos seleccionada
 - Insire un Carácter especial
 - Insire unha Diagrama de fluxo
- 8) Dado o documento “Texto_GAL.odt”, e fixándonos na primeira liña “Festa de San Xoán”, qué fixemos para poñer o recadro? (0,25pto)
- Inxerimos un marco
 - Puxemos un bordo ao parágrafo
 - Inxerimos un cadro de texto
 - Ningunha resposta é correcta
- 9) Dado o documento “Texto_GAL.odt”, e fixándonos no parágrafo que comeza en vermello, coma puxemos esa letra vermella tan grande? (0,25pto)
- Aumentamos o tamaño da letra
 - Cambiamos o tipo de letra
 - Cambiamos o formato do parágrafo
 - Inxerimos unha imaxe da letra
- 10) Dado o documento “Texto_GAL.odt”, e fixándonos no mesmo parágrafo da pregunta 9, cal é o motivo para non velo xustificado? (0,25pto)
- Non está xustificado
 - A culpa é do axuste da imaxe
 - A culpa é do carácter A vermello
 - A culpa é do Espazamento entre liñas
- 11) Dado o documento “Texto_GAL.odt”, e fixándonos no mesmo parágrafo da pregunta 9 e 10, que é o número 1 pegado a palabra Bautista? (0,25pto)
- É unha nota a rodapé
 - É unha nota ao final
 - É un carácter con realce
 - É o número de páxina
- 12) Dado o documento “Texto_GAL.odt”, e fixándonos no primeiro parágrafo das columnas, qué texto está oculto? (0,25pto)
- solsticio
 - organizaban
 - hemisferio norte
 - española
- 13) Dado o documento “Texto_GAL.odt”, temos unha imaxe e un texto no fondo, pero, cal é o motivo para ca imaxe só apareza na primeira folla? (0,25pto)
- Inxerimos a imaxe na primeira folla e o texto nas dúas
 - O texto é unha cabeceira e a imaxe non
 - O texto é un rodapé e a imaxe non
 - O texto é unha marca de auga e a imaxe non

- 14) Dado o documento "Texto_GAL.odt", temos todos os parágrafos coas mesmas sangrías, pero o derradeiro parágrafo vese diferente, cal é o motivo? (0,25pto)
- Temos unha sangría diferente
 - Prememos a tecla [Espazo] antes de escribir
 - Prememos a tecla [TAB] antes de escribir
 - Vese igual co resto
- 15) Dada a folla de cálculo "Calculos.ods" e fixándonos en "Baloncesto", temos ao OAR FERROL na posición 57 (por orde alfabético A-Z), pero, cal é a súa posición por número de vitorias (Z-A)? (0,25pto)
- 27
 - 26
 - 25
 - 24
- 16) Dada a folla de cálculo "Calculos.ods" e fixándonos en "Baloncesto", cuántos equipos teñen "Madrid" no seu nome? (sen diferenciar maiúsculas e minúsculas) (0,25pto)
- 6
 - 5
 - 4
 - 3
- 17) Dada a folla de cálculo "Calculos.ods" e fixándonos en "Baloncesto", que equipos xogaron o partido con maior diferenza de puntos? (0,25pto)
- Real Madrid - Cafés Candelas Breogán
 - BFI Granollers - Monbus Obradoiro
 - Monbus Obradoiro - Cafés Candelas Breogán
 - Barça - BFI Granollers
- 18) Dada a folla de cálculo "Calculos.ods" e fixándonos en "Baloncesto", cuántos puntos a favor, acumulan os 10 equipos que teñen mais puntos a favor? (0,25pto)
- 1.340.888
 - 504.291
 - 1.283.628
 - 496.826
- 19) Dada a folla de cálculo "Calculos.ods" e fixándonos en "Baloncesto", cal é, en valor absoluto, a menor diferenza (DIF) de puntos dun equipo? (0,25pto)
- 78
 - 78
 - 4.756
 - 4.756
- 20) Dada a folla de cálculo "Calculos.ods" e fixándonos en "Baloncesto", cales son as porcentaxes de Vitorias; Perdas e Empates do derradeiro equipo do listado (YMCA España)? (0,25pto)
- V: 22; D: 27; E: 1
 - V: 22%; D: 27%; E: 1%
 - V: 44%; D: 54%; E: 2%
 - V: 45%; D: 55%; E: 1%